

ADENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA I.E.S. MARÍA CASARES (OLEIROS) - CURSO 2021-2022

Conste polo presente documento, unha adenda á Programación Didáctica das materias pertencentes ao Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do IES María Casares durante o curso 2021/2022.

A entrada en vigor durante o presente curso académico do *Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional* así como da *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, fai necesario introducir os seguintes cambios na Programación Didáctica do Departamento, acordados polos tres membros do mesmo en reunión de Departamento do 22 de febreiro de 2022:

8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

8.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Este apartado debe modificarse da seguinte forma:

Onde pon:

- Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións. A nota final da materia do curso será a media das notas acadadas por cada alumna nesas tres avaliacións.

Quedarán modificados da seguinte forma:

- Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións. A nota final da materia será a media das notas acadadas por cada alumna nesas tres avaliacións, se esta media é suficiente para acadar o aprobado. Este alumnado poderá mellorar a súa nota en ata un punto, a través da realización dunha serie de actividades de repaso e/ou ampliación que se realizarán na aula no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria.

Onde pon:

- As avaliacións suspensas recuperaranse nunha proba a final de curso. Nesta proba terán que recuperarse avaliacións completas.

Quedarán modificados da seguinte forma:

- O alumnado que non alcance unha nota suficiente para acadar o aprobado tras facer a media das tres avaliacións, terá a oportunidade de recuperar aquelas avaliacións suspensas nunha proba de recuperación antes da avaliación ordinaria. Nesta proba terán que recuperarse avaliacións completas.

Elimínanse os seguintes puntos:

- No caso do alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria deberán presentarse á convocatoria extraordinaria que consistirá nunha proba escrita baseada no grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe, e que se puntuará como máximo con 10 puntos. O alumno debe conseguir 5 ou máis puntos para aprobar a materia. Para preparar esta proba o alumnado asistirá a clases da materia ata a data do exame.
- O abandono da materia será tido en conta á hora de aplicar os criterios de promoción e titulación. Considerarase abandono a non asistencia a clase, non ter caderno de traballo nin material na clase, non entregar as actividades propostas, non presentarse ás probas escritas, falta de traballo na aula, etc.

Engádense ademais os seguintes epígrafes:

8.4. PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A TERCEIRA AVALIACIÓN E A AVALIACIÓN ORDINARIA NA ESO

ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA

- O alumnado que non teña superada algunha das avaliacións do curso será atendido de xeito individualizado polos docentes, tendo en conta aqueles aprendizaxes pendentes de acadar.
- Nas sesións na aula recibirá boletíns ou cadernos de traballo referidos aos estándares non acadados, que deberá realizar na aula coa axuda e supervisión do equipo docente. A realización deste traballo poderá aumentar en ata un punto a nota da proba final de recuperación.
- Antes do remate do período indicado, este alumnado realizará unha proba sobre os coñecementos non adquiridos que incluírá os referidos as avaliacións non superadas en cada caso. Esta proba poderá estar ou non, no calendario establecido pola xefatura de estudos. A nota da proba

suporá un 70% da nota de recuperación das avaliacións non superadas, sempre que esta nota non sexa inferior ao 3,5 que é a nota mínima que este departamento esixe para facer media dun exame (epígrafe 8.3 da programación).

- Unha vez feito a proba de recuperación das avaliacións non superadas, a nota final da materia será a media das notas acadadas en cada unha das tres avaliacións, substituíndo a nota da parte do exame das avaliacións que previamente estaban suspensas pola acadada no exame final de recuperación.

ALUMNADO COAS TRES AVALIACIÓNS SUPERADAS

- O alumnado que superou a materia na terceira avaliación realizará actividades de reforzo e/ou ampliación durante as clases no período comprendido entre a terceira avaliación e avaliación ordinaria (prácticas de laboratorio, actividades de investigación, ampliación de contido, repaso, actividades na aula virtual ou utilizando o material TIC dispoñible...). As actividades poderán ser tidas en conta polo equipo docente para mellorar a cualificación obtida como resultado da media das cualificacións das tres avaliacións. Esta variación poderá ser de ata 1 punto.

8.5. PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN ORDINARIA E A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA NO BACHARELATO

ALUMNADO QUE NON SUPEROU A MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA

- Nas sesións na aula realizaranse repasos nos que se reforzarán aqueles contidos que non foron adquiridos por ao menos unha parte do alumnado
- Antes do remate do período indicado, este alumnado realizará unha proba global extraordinaria da materia. Esta proba terá data determinada polo calendario establecido pola xefatura de estudos.

ALUMNADO QUE SUPEROU A MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA

- O alumnado coas materias superadas na avaliación ordinaria realizará traballos de reforzo e/ou ampliación (traballos, investigación, prácticas de laboratorio...), tanto referidos aos contidos tratados ao longo do curso como, se os houbese, a aqueles contidos que, por falta de tempo, quedaran sen ver no período ordinario.

10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Este apartado debe modificarse da seguinte forma:

Onde pon:

- Se a nota é inferior a cinco, o alumno ou alumna terá que presentarse a proba extraordinaria no mes de setembro, cuxa data será fixada pola xefatura de estudos.

Quedarán modificados da seguinte forma:

- No caso de alumnado da ESO, se a nota é inferior a cinco, o alumno ou alumna terá unha nova oportunidade de recuperación no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria. Nese tempo, poderá entregar ou volver a entregar corrixido o boletín de actividades proporcionado polo profesorado, é haberá unha nova convocatoria de proba escrita que intentará realizarse na semana previa aos exames finais das materias do curso corrente. O boletín e a proba escrita terán o peso proporcional indicado anteriormente, e se referirán unicamente á parte da materia que quedara por superar.
- No caso de alumnado de 2º de Bacharelato, se a nota é inferior a cinco, o alumno ou alumna terá que presentarse a proba extraordinaria no mes de xuño, cuxa data será fixada pola xefatura de estudos.

En Oleiros, a 24 de marzo de 2022

Jorge Otero Amoedo

Aroa Luengo Castaño

Nuria Sánchez Moreno